


2+2=3?



Presenza do CPI Cernadas de Castro na XII Olimpíada Matemática Galega 2ºESO

O pasado venres 16 de abril de 2010 os alumnos de 2ºESO **Nuria Miguéns Romero, Steven Castro Nieto e Daniel Paradela Dosil** acudiron á fase de zona da Olimpíada Matemática Galega. A proba celebrouse na Escola de Maxisterio da Universidade de Santiago de Compostela e constou de 5 problemas cunha duración total de 2 horas para a súa resolución.

A Olimpíada Matemática Galega é unha competición entre estudantes de toda Galicia que ten por obxectivo fundamental estimular o estudo das matemáticas e desenvolver o gusto pola resolución de problemas.



Esta competición consta de tres fases, unha primeira fase de zona, na que cada centro pode enviar como máximo 2 alumnos por cada grupo de 2ºESO. Desta fase clasifícanse 40 estudantes que participarán máis tarde na fase final. Este ano celebrouse en Vigo, o 14 de maio, nas instalacións do IES Manuel Antonio e do Centro Residencial Docente. Por último, os tres alumnos seleccionados na devandita fase poderán asistir á fase estatal que este ano se celebrará en Palma de Mallorca, do 24 ao 28 de xuño de 2010.

Parabéns ao noso alumnado pola súa participación e polo seu entusiasmo.

O DEPARTAMENTO DE MATEMATICAS DO CPI CERNADAS DE CASTRO

As técnicas de reproducción asistida



A reproducción asistida debe entenderse como o conxunto de procedementos, tratamentos e técnicas médicas e/ou cirúrxicas aplicados a unha parella cuxo obxectivo final é a consecución dun embarazo que, doutra maneira, sería imposible de conseguir ou, polo menos, altamente improbable. Considérase que unha parella é estéril cando leva uns 24 meses de relacións sexuais frecuentes sen método contraceptivo algún e a xestación non se produciu; este período redúcese a 18 meses cando a idade da muller sobrepasa os 33 anos, e incluso acúrtase a 12 cando se sobrepasan os 35

anos **A inseminación artificial:**

Este método consiste na introdución médica do seme ou esperma na vaxina da muller coa finalidade de conseguir unha xestación.

Distínguense dúas situacións segundo a orixe do seme:

-Inseminación artificial homóloga ou conxugal (IAH): o seme procede da parella. Lévese a cabo a inseminación de maneira artificial cando hai algunha dificultade para que se deposite o esperma na vaxina da muller de maneira natural (o coito), por exemplo debido a problemas de exaculación precoz, vaxinismo, impotencia ou exaculación retrógrada. Tamén se pode recorrer á IAH cando a muller presente malformacións uterinas, un moco cervical demasiado espeso, disfuncións ovulatorias...etc, ou simplemente cando a causa de esterilidade na parella sexa

descoñecida (15% dos casos).

Na inseminación artificial conxugal a muller recibe o seme do seu marido en diferentes rexións da área xenital, segundo as indicacións:

Pericervical: Utilizada en casos de dificultades coitais ou malformacións peneais, nas cales o marido non consegue exacular no interior da vaxina da súa esposa. Pode complementarse coa indución da ovulación á esposa, en relación cos problemas ovulatorios que ela presente.

Intrauterina (IA-CUI): é unha técnica máis complexa, pois precisa a separación dos espermatozoides do plasma seminal que os vehiculiza; o proceso chámase de "capacitación seminal", e en virtude do mesmo conséguense mellorar o número total e a porcentaxe de espermatozoides móbiles. Unha vez así, os espermatozoides "mellorados" depositanse a través do colo no interior do útero, na inmediata proximidade da saída das trompas.

-Inseminación artificial con doante (IAD): o seme provén dun doante anónimo. Recorrese a un banco de seme cando o integrante masculino da parella presenta azoospermia, unha enfermidade xenética hereditaria ou unha enfermidade de transmisión sexual, cando a paciente é unha muller sen parella...etc.

A inseminación artificial consta de tres fases:

- 1-Estimulación hormonal do ovario, para aumentar o número de ovocitos maduros.
- 2-Preparación do seme, seleccionando e concentrando os espermatozoides móbiles.



3-Inseminación da muller, que se realiza nunha consulta.

A fecundación in vitro (FIV):

Consiste na extracción do ovocito feminino para fecundalo fóra do organismo da muller con espermatozoides obtidos previamente do home. Despois da fecundación, o embrión é implantado no corpo da muller.

A fecundación in vitro consta de seis fases:

1-Estimulación do ovario con hormonas.

2-Extracción de ovocitos; en caso de infertilidade feminina, pódese recorrer á doazón de ovocitos.

3-Inseminación dos mesmos que pode producirse:

De forma clásica, poñendo xuntos os ovocitos e os espermatozoides previamente seleccionados e tratados.

Mediante inxección intracitoplasmática de espermatozoides (ICSI) no caso de que os gametos masculinos presenten problemas de mobilidade.

4-Cultivo in vitro do embrión; durante o período de cultivo o embrión pasa por diferentes estados de desenvolvemento. Habitualmente os embrións permanecen no cultivo un total de tres días. Nalgunhas ocasións, é convinte prolongar o cultivo dos embrións no laboratorio ata o estadio chamado de blastocito (6 días).

5-Transferencia embrionaria; pódese



Fonte: www.consumer.es

realizar ben no útero ou nas trompas e ten lugar por vía transcervical, sen anestesia. As taxas de embarazo con FIV e ICSI están ó redor do 50% , sendo superiores ó 60% no caso de doazón de ovocitos.

6-Conxelación e desconxelación do embrión no seu caso, unha vez que se transferiron o número de embrións adecuado para cada caso, os embrións viables sobrantes sométense a un proceso de conxelación, o que permite conservalos durante un tempo. De esta forma, estes embrións están dispoñibles no momento en que sexan requiridos pola parella. As taxas de éxito con transferencia de embrións conxelados son similares ó resto dos tratamentos, superando o 40%, sen aumento do risco de aborto ou malformacións.

Na actualidade a reprodución asistida (in útero o in vitro) é unha práctica moi común, aínda dependendo dos centros,



Fonte: www.muymaternal.com

os resultados poden variar.

Problemas da reprodución asistida

Os principais problemas asociados á fecundación in vitro poden estar derivados da estimulación ovárica ou do embarazo. Tamén se presentan consideracións bioéticas.

Riscos derivados da estimulación


Síndrome de hiperestimulación ovárica: dáse durante a fase lútea do ciclo menstrual e consiste na resposta anormalmente alta dos ovarios diante da estimulación hormonal, e que ademais é persistente no tempo. Trátase dunha complicación derivada dos tratamentos hormonais de estimulación ovárica na reprodución asistida, principalmente relacionados coa administración do HCG. Os síntomas mais destacados de este síndrome son a ascitis, o crecemento ovárico e a dor abdominal. A probabilidade de que suceda unha resposta esaxerada (hiperestimulación) con risco para unha paciente é inferior ó 1%, sendo a complicación mais grave a torsión de ovarios, que pode desembocar en hemorraxias internas.

Embarazos múltiples: en ciclos onde se transfiren os embrións a probabilidade de ter un embarazo xemelgar é do 6%. En ciclos onde se transfiren tres embrións, a probabilidade de ter un embarazo xemelgar é do 12% , e de ter un embarazo triplo é do 3%. É importante levar a cabo controis ecográficos e medir os niveis de estradiol para cancelar o ciclo de reprodución asistida no caso de que se detecten mais de dous ou tres folículos ovulatorios. Un embarazo múltiplo ten importantes riscos de saúde tanto para a nai como para os fetos, e normalmente desembocan en un parto prematuro.

BIBLIOGRAFÍA

Enciclopedia universal Durvan
Enciclopedia Salvat

Reinterpretando a Picasso



Os alumnos e alumnas de 3º ESO decidimos facerlle unha homenaxe a Pablo Ruíz Picasso, quizais o artista máis destacado do século XX. E fixémoslo reinterpretando algunhas das súas obras.

Para este traballo, Adolfo, o profesor de Plástica, formou grupos e despois axudounos achegando ideas que servisen de guía para as nosas creacións e ofrecéndonos o material do que dispón o departamento.

A reinterpretación tiña que ser innovadora, non podía quedarse nunha simple copia directa das obras de Picasso senón que se trataba de darlle un novo enfoque dende diferentes puntos de vista: algúns grupos intentaron "modernizar" a obra, darlle un aire de actualidade, outros optaron por empregar unha técnica ou material diferente ó orixinal (por exemplo, facer unha escultura a partir dun debuxo ou dun cadro)...

Os resultados finais expuxémoslos no corredor do primeiro andar, como xa fixemos noutras ocasións, para que o resto dos compañeiros e profesores puidesen disfrutar desta pequena galería de arte improvisada.

Raquel Freire Ruíz - 3º ESO A

OS NOSOS TRABALLOS



X
O
G
A
I
N
A

OS NOSOS TRABALLOS



Natureza...



As nosas plantas

As plantas as fixemos para ver como crecían.

Tivemos que regalalas de vez en cando para alimentalas, pois son seres vivos. Naceron seis e morreron tres.

As plantas necesitan auga, aire, terra e Sol.

Pero como estaban no pasillo, non tiñan Sol, e por iso non nos medraron e morreron tres.

Dous medraron moito e a outra é a miña, que pode que non sea grande, pero ten unha rama.

E ademais, quen pintou as macetas? nos! fumos nos!

Fin

Eva S. I.2 Primaria B

... Natureza!



Os paxaros

Nós, os de 2ºB, fixemos os paxaros con unhas casas de paxaros de cordade, barro e acorazadas. E fomos cambiando en cada estación. No inverno puxémoslle algodón e quitámoslle os paxaros, pola primavera puxémoslle flores e como ó verán non chegamos... pois non volo digo!. E fixémoslle paxaros incubando os ovos, ovos, niños e paxaros de pé. A min o que máis me gusta é o da primavera.

Laura F.T. 2 Primaria B

Conectando mundos...



Conectando Mundos é unha interesante proposta educativa da ONG Intermón Oxfam na que participan centros docentes de todo o mundo, utilizando Internet como ferramenta para o intercambio de experiencias, ideas e sentimentos, entre alumnos e alumnas de diferentes lugares, tendo a oportunidade de poñer en común realidades culturais, económicas e sociais diversas. Este ano, o grupo de 3º da ESO C tivemos a oportunidade de participar nesta actividade xunto coa nosa titora Clara Cristela Rodríguez.

Cada ano escóllese un tema, esta edición centrouse nas migracións e desenvolvemento dos pobos, dende unha perspectiva humana e unha concepción de cidadanía global, abordando as causas e as consecuencias que o proceso de migrar ten na vida das persoas e no seu contorno, e reformulandonos que actitudes e compromisos debemos asumir, a nivel persoal e colectivo.

A actividade comezou cunha primeira fase na que fixemos as actividades propostas na plataforma de Intermón Oxfam, basicamente consistiu en idear entre todos unha campaña de sensibilización cara aos inmigrantes que podemos atopar na nosa contorna, e finalmente poñerlle un lema.

Nas reflexións feitas polo grupo púxose de manifesto a necesidade de coñecer as realidades que moven a migrar así como as particularidades dos lugares de orixe dos inmigrantes, sendo unha maneira de chegar a valorar e aceptar outras culturas. Foi así como naceu o noso lema: "Coñecer é valorar". A segunda fase desta actividade consistiu nunha visita de tres rapazas de Intermón Oxfam á nosa aula para facer unha posta en común de todo o traballado e para realizar un mural onde se recollerían todas as nosas ideas. Divididos en tres grupos fomos expresando as causas que levan as persoas a migrar, os medos e temores que poden invadilos, as diferentes maneiras que temos de acollelos e como iso pode afectarlles na súa vida nun lugar extraño.

Para rematar, colgamos o noso mural nun dos corredores do noso centro para que o resto dos alumnos e alumnas do CPI Cernadas de Castro puiderades velo e coa esperanza de que vos axudara a reflexionar sobre a necesidade da integración e valoración dos que veñen de fóra.

Alumnos e alumnas de 3º C e a súa profesora Ana Pose.





O problema dos Dongria Kondh



Os dongria kondh son unha tribo indíxena que vive nas montañas Niyamgiri (India) e en ningún outro lugar do mundo. Dende aí uns anos Vedanta Resources (unha empresa mineira) está interesada en minar a súa montaña sagrada, rica nun mineral moi prezado.

Os dongria cultivan as ladeiras das súas montañas, plantan as súas colleitas no bosque e recolectan froitas e follas para vender.

Son unhas 8000 persoas que viven en comunidades espaxadas polas montañas de Niyamgiri.

Os dongria kondh protexen as súas montañas sagradas e os ríos que xorden dos seus bosques. A montaña Niyam Dongar é o fogar do seu deus Niyam Raja. Para a empresa mineira, é un depósito de diñeiro.

A mina a ceo aberto de Vedanta destruíría os bosques, alteraría os ríos. Por iso, os dongria e os seus veciños están decididos a protexer a súa montaña.

Este traballo foi feito polas alumnas e alumnos de Primeiro Ciclo de Primaria dentro do Programa de Animación a Lectura

OS NOSOS TRABALLOS



As diversas actividades realizadas como apoio ao Seminario de Formación Permanente, nomeado "Animación á lectura: o uso da lectura como ferramenta artística" e levada a cabo por varias mestras de Educación Infantil e Primaria, contaron co apoio do alumnado de 2 curso de Primaria.

Unha destas actividades, relativa á corrente artística da arquitectura, foi a de traballar o conto dos "Tres porquiños".


Unha vez lido o texto, comezouse o traballo manual. Os nenos e nenas puxéronse mans á obra e convertíronse en arquitectos durante uns días, recreando mediante materiais escolares, as famosas casas dos porquiños: unha de palla, outra de madeira e outra de ladrillo.

O resultado expúxose no corredor do centro, amosando a todo o alumnado un mundo de conto onde poder perderse durante un anaco.

Alba León. Profesora de 2º B de Primaria.



Pelegríns no tempo



Xa sabemos que o 2010 é un novo Ano Xacobeo, esperamos moitos pelegríns en Compostela... E os alumnos e alumnas de 2 curso de Primaria A e B fixeron unha pescuda de como eran os pelegríns noutros séculos e aquí nolo amosan...




Produccións propias



O libro de texto, as actividades de clase ou o estudo non son as únicas formas de aprender. Tamén somos quen de elaborar materiais de produción propia, e diso queremos falar aquí.

Este curso gravouse un CD audio con poemas de Antonio García Teixeiro lidos por profesores e profesoras do centro e, como homenaxe a Uxío Novoneyra, un grupo de alumnos e alumnas de secundaria, organizados polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística elaboraron un DVD onde



eles mesmos relatan a vida e obra do escritor do Courel, e onde recitan varios dos seus poemas.

Este non é o primeiro video elaborado no centro. Xa van dous anos, en maio de 2008, o profesor Manuel Rodríguez Cobas propuxo a elaboración dunha curtametraxe sobre a vida e obra do cura de Fruíme, Don Antonio Cernadas y Castro, co gallo da organización e celebración no noso centro da edición do premio "Leixapré".

O proxecto levouno a cabo baseándose nun guión proposto pola profesora Concha Leal.

A curta elaborouna en catro partes: unha coas localizacións de exteriores en Santiago de Compostela, outra cos exteriores en Lousame; unha terceira rodada en Santiago coa participación de profesorado e alumnado recreando a vida de D. Antonio Cernadas e por último a rodaxe en Lousame cos mesmos actores.

Este labor de rodaxe levoulle uns 20 días repartidos ó longo de varios meses, e o video final ten unha duración de 15 minutos aproximadamente.

Nese mesmo ano, o ENDL editou tamén un libro que recollía a obra en galego do Cura de Fruíme.

Máis lonxe no tempo podemos lembrar a edición de dous breves estudos xeográficos e históricos sobre Lousame do profesor Xerardo Agrafoxo, e no ano 1986 a recompilación de cantarelas de varias parroquias de Lousame feita polo tamén profesor Xaquín Lema.

Estas producións reflicten o compromiso coa propia cultura e aprendizaxe, e o desexo de compartir cos demais os bens que son apreciados para nós...

...E a intención de que perduren no tempo...

Le coin du français



Este curso os nosos alumnos e alumnas de primeiro de ESO comezaron a manter correspondencia coas alumnas e alumnos do Collège "Jean Moulin" en Saint Michel sur Orge, unha pequena vila situada a uns corenta quilómetros de París. Se queredes saber máis dela podedes visitar a súa páxina web:



Saint-Michel-sur-Orge est une ville-canton de l'arrondissement de Palaiseau dans l'Essonne, située à 20 km au sud de Paris. Elle fait également partie avec 8 autres communes (Sainte-Geneviève-des-Bois, Morsang-sur-Orge, Villemoisson-sur-Orge, Fleury-Mérogis, Villiers-sur-Orge, Brétigny-sur-Orge, le Plessis-Pâté et Leuville-sur-Orge) de la Communauté d'Agglomération du Val d'Orge officiellement créée le 1er janvier 2001.

En effet, les communes de notre bassin de vie ont compris l'intérêt de mutualiser certaines de leurs compétences dans un but d'économies d'échelle et d'efficacité du service public. Aujourd'hui, les services au public se mesurent dans la synergie de la ville et de son agglomération.

Source: www.saintmichelsurorge.fr

Posters présentation



X
O
G
A
I
N
A

Cerca da praia...



En Infantil B montamos na clase un supermercado que se chamaba "Supersilva",
fixémolo para aprender:

- a contar
- a utilizar moedas e billetes
- a organizar e clasificar obxectos con distintos criterios
- a calcular: sumar e restar
- a utilizar a calculadora
- a escribir e ler listas da compra e receitas de cociña
- as normas que hai que cumprir: organizar, ordenar, agardar na fila da caixa, colocar as cestas...
- a saber o que son os catálogos e facer un propio
- a entender o que son os anuncios, as ofertas e os sorteos
- a pensar, discorrer e solucionar problemas
- a pasalo ben aprendendo

Agora que rematamos ese traballo decidimos reciclar algunhas cousas facendo construcións e despois, como nos gustaron moito, inventamos un conto no que aparecen todos os personaxes que construímos. O conto titúlase: "Cerca da praia"

Cerca



HABÍA UNHA VEZ UN GRANXEIRO QUE TIÑA UNHA VACA QUE DABA MOITO LEITE. E O GRANXEIRO TAMÉN TIÑA UN PORCO E MATOUNO. DESPOIS A VACA PÚXOSE MOI TRISTE E DEIXOU DE DAR LEITE E ESCAPOU NUN AVIÓN BRANCO.

E O AVIÓN BRANCO QUE LEVABA A VACA DENTRO FOI VOANDO ATA AUSTRALIA E CANDO CHEGOU ESCOITOU UN RUÍDO E ASUSTOUSE. ENTÓN FOI ESCONDERSE DETRÁS DUNHA ÁRBORE E QUEDOU ALÍ. O QUE NON SABÍA ERA QUE O RUÍDO O FACÍA UN ROBOT DE COLORES.



ÉRASE UNHA VEZ UN ROBOT DE COLORES QUE RINCHABA MOITO E ENCONTROU UNHA VACA SAÍNDO DUN AVIÓN BRANCO. FIXÉRONSE AMIGOS E O ROBOT LEVOUNOS Á SÚA CASA, PERO NO CAMIÑO ATOPÁRONSE CUNHA AVOA E UN AVÓ QUE ESTABAN PASEANDO E OS AVÓS INVITÁRONOS A MERENDAR NO BOSQUE. DESPOIS OS AMIGOS MARCHARON BUSCAR UN TALLER QUE HABÍA CERCA DA PRAIA PARA QUE LLE BOTARAN ACEITE AO ROBOT. OS AVÓS SEGUIRON PASEANDO E ATOPARON UN BI CHO.



Praia

X
O
G
A
I
N
A

O BI CHO NON TIÑA CON QUEN XOGAR E ESTABA TRISTE E OS AVÓS INVITÁRONO A IR Á SÚA CASA CERCA DA PRAIA. PERO O BI CHO NON QUIXO IR E QUEDOU NO BOSQUE.

CANDO O BI CHO ESTABA DESCANSANDO CHEGOU UN CAN E PREGUNTOULLE SE QUERÍA XOGAR CON EL. OS DOUS PUXÉRONSE A XOGAR E ENTÓN APARECEU UN OS O E ASUSTÁRONSE E FORON AGOCHARSE DETRÁS DUNHA ÁRBORE.

OS NÓSOS TRABALLOS



O OSO QUE ÍA ANDANDO E VIU A UN CAN E A UN BICHO QUE SE ESCONDÍAN, NON LLES FIXO CASO E FOI DARSE UN BAÑO NUN RÍO QUE ESTABA CERCA DA PRAIA. PERO ALÍ VIVÍA UN CROCODILO.

O CROCODILO QUE VIVÍA NO RÍO CERCA DA PRAIA NON PODÍA ANDAR PORQUE ESTABA ENFERMO E FOI AO MÉDICO PARA QUE O CURARA. O MÉDICO ERA UN ROBOT GRIS, QUE TAMÉN VIVÍA CERCA DA PRAIA



O ROBOT GRIS QUE SABÍA CURAR CUROULLE AS PATAS AO CROCODILO E DESPOIS ENSINOULLE Á SUA AMIGA A BOLBORETA.

A BOLBORETA XOGOU CO CROCODILO NA PRAIA A PERSEGUIRSE E CORRERON ATA O BOSQUE E ALÍ ATOPARON A UNHA TARTARUGA.

A TARTARUGA QUE VIVÍA NO BOSQUE CERCA DUNHA PRAIA PENSABA QUE ESTABA SOA E POR ESO ESTABA SEMPRE TRISTE. PERO UN DÍA PASEANDO ATOPOU UNHA XIRafa E FIXÉRONSE AMIGAS. DESPOIS ENCONTRARON A UNHA

BOLBORETA E A UN CROCODILO QUE VIÑAN DA PRAIA. A XIRafa QUE VIVÍA NUNHA CASA CUN ROBOT ROSA ESTABA DE PASEO POLO BOSQUE E ATOPOU MOITOS AMIGOS E LEVOUNOS TODOS Á SÚA CASA.

O ROBOT ROSA CANDO VIU QUE CHEGABA A XIRafa CUN MONTÓN DE AMIGOS PÚXOSE MOI CONTENTO E TODOS FORON PASEAR E CHEGARON AO CASTELO, QUE ESTABA CERCA DA PRAIA, NO QUE VIVÍA UNHA RAÍÑA.

OS NÓSOS TRABALLOS



A **RAÍÑA** ESTABA TRISTE ELA SOA NO **CASTELO** E CANDO CHEGARON TODOS, PÚXOSE MOI CONTENTA E INVITOUNOS A IR DAR UNHA VOLTA NO SEU FERMOSESO **CAMIÓN**.

O **CAMIÓN** CORRÍA E CORRÍA POLA ESTRADA ATA QUE CHEGOU AO OUTRO LADO DO CAMIÑO CERCA DA **PRAIA** E BAIXARON TODOS E PUXÉRONSE A DESCANSAR.

MENTRES TANTO O **ROBOT DE COLORES**, A **VACA** E O **AVIÓN** BRANCO CHEGARON A UN TALLER, QUE ESTABA CERCA DA **PRAIA** E ONDE HABÍA UN **HOME** E UNHA **MULLER** QUE LLE DERON ACEITE PARA QUE O **ROBOT** O BOTARA E NON RINCHARA MÁIS.

DE PRONTO TODOS OS QUE ESTABAN CERCA DA **PRAIA** ESCOITARON UN RUÍDO ENORME QUE VIÑA DO **MAR** E: A **VACA**, O **AVIÓN** BRANCO, O **ROBOT DE COLORES**, O **HOME** E A **MULLER**, A **RAÍÑA**, O **CAMIÓN**, O **ROBOT** ROSA, A **XIRAFÁ**, A **TARTARUGA**, O **CAN** A **BOLBORETA**, O **CROCODILO**, O **OSO**, O **BICHO**, OS **AVÓS** E O **ROBOT** GRIS FORON CORRENDO Á **PRAIA**.


NO **MAR** HABÍA UN **BARCO** AZUL E VERMELLO. ABRIU AS **VENTÁS** BRANCAS E DE DENTRO SAÍRON CENTOS E CENTOS DE GLOBOS DE MOITAS CORES.

TODOS SE PUXÉRON MOI CONTENTOS E FELICES.

FIN



Seres imaxinarios



En plástica estivemos facendo un ser imaxinario tridimensional con cousas vellas que tiñamos cada un na nosa casa, como bonecos rotos, paus de xeado, envases que “deberían” ir ó lixo... Tivemos que deseñarlles un corpo e inventarlles uns amigos, un sitio onde vivir... en resumo, unha vida.

Con este traballo tivemos que usar o volume e a imaxinación. Este traballo entusiasmounos tanto que traballaron dende o profesor ata o máis vago dos alumnos.

Hai algúns traballos moi orixinais e moi estrafalarios, uns máis comúns e outros menos, e outros que non teñen nada de común, pero válidos todos.

Este debeu ser o traballo máis entretido que fixemos en todo o curso, a pesar de que todos foron moi entretidos e cos que tamén aprendemos moito

Ángela Creo 1 B Secundaria

